

**ANUNCIO****ASUNTO:** APERTURA DO PRAZO PARA A PRÓRROGA DA BOLSA DE EMPREGO DE CONDUTOR OPERARIO E PEÓN DE OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS PARA O ANO 2025**EXPEDIENTE:** 813/2024

O día 14/01/2025 ditouse a resolución da Alcaldía núm. 2025-0003 [Resolución PR/2025/2] que se describe a continuación:

**FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO****ANTECEDENTES**

1.No BOP núm. 64 do 04/04/2017 saíron publicadas as Bases para a formación de dúas bolsas de traballo para realizar contratacións laborais temporais como condutor operario e peón de obras e servizos municipais para o Concello de Moeche.

2.Na base duodécima, donde explica o proceso de prórroga da bolsa de emprego, di que cada ano se abrirá un prazo que contará dende o 15 de xaneiro ao 14 de febreiro. Durante este prazo as persoas que xa figuran inscritas na bolsa poderán presentar novos méritos e aqueles interesados que non figuren poderán presentar a solicitude de inclusión na bolsa.

De conformidade co establecido no artigo 21.1 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local

**RESOLUCIÓN**

**Primeiro.-** Abrir o prazo desde o 15/01/2025 ao 14/02/2025 para que as persoas que xa figuran inscritas na bolsa presenten novos méritos, así mesmo aqueles interesados que non figuren na mesma poderán presentar a solicitude de inclusión na bolsa de acordo co establecido na cláusula sexta das bases. En todo caso só se terán en conta os méritos alegados que o solicitante reúna o primeiro día da apertura do período de actualización.

**Segundo.-** A nova lista exporase no taboleiro de edictos do Concello e na páxina web municipal.

Moeche, ( na data da sinatura dixital)

A alcaldesa

Asdo.: Beatriz Bascoy Maceiras.

